



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusa asistencia	D ^a . M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09/06/2016).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xuño do ano que andamos, que logo de corrixir no punto 7.1.- Adxudicación xestión mantemento e socorrismo da piscina municipal verán 2016, onde di “Levar a cabo Grupo Acofide, S.C, con CIF J70026604...”, debe dicir “ Levar a cabo Acofide 2000 Xestión, S.L con CIF B70460381....” apróbase por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de obra de dona Susana M^a. Mareque de la Fuente. (Expediente 2016/U026/000025)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000025 de comunicación previa de obra presentada por dona Susana María Mareque de la Fuente para construción de cerramento, de aproximadamente 39 metros de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50200485, emprazada en Sales -San Fins de Sales, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así coma as alturas declaradas .

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.2.- Comunicación previa de obra de dona Victoria A. Mata Souto. (Expediente núm. 2016/U026/000032)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000032 de comunicación previa de obra presentada por dona Victoria A. Mata Souto para substitución da tella existente nunha vivenda unifamiliar. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000600800NH43G, emprazada en Lugar de Viñapedre N°10-Illobre, cun prazo de execución de tres meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de dona Dolores López Salgueiro. (Expediente núm. 2016/U026/000033)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000033 de comunicación previa de obra presentada por dona Dolores López Salgueiro para rehabilitación de vivenda, consistente en encintar fachadas laterais, de aproximadamente 50 m², e rehabilitación de muro de pedra de aproximadamente 5 metros de lonxitude. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50301137, emprazada en Fontao, 4 -Vedra, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 608/16 de don Víctor López Cebeiro e dona Jesusa Carbia Alonso (Expte. Número 2016/U018/000006)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicitan licenza para regularización de lindes de dúas parcelas en Ribeira (San Pedro de Sarandón), de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Brais Vázquez Rey en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola de data marzo de 2016. As parcelas atópanse en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Rústico de Especial Protección Agrícola (R-2) e como Solo Rústico de Protección Forestal (R-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para regularización das parcelas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Ribeira – San Pedro de Sarandón, nos termos da documentación achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de (#120,00#) euros.

3º.- Facturas varias.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse contas das seguintes facturas:

<i>Núm. Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe (€)</i>	<i>Nome Proveedor/Acreedor</i>	<i>Descrición</i>
A00031085	31/05/2016	15,78	Campos y Costas Consulting, S.L. (MRW)	Servizos prestados en maio dende Vedra ata Coruña (envío de documentación á Oficina do Censo Electoral)
A15/762	09/06/2016	302,50	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión de adhesivos e vinilos co logotipo "Son Vedra" para a Feira de Silleda 2016
Liquidación	09/06/2016	244,50	Parada Alveta Sara	Quilometraxe polo voluntariado de acompañamento a usuaria dos servizos sociais municipais prestado durante os anos 2011 a 2015
Liquidación	24/05/2016	58,82	Rodríguez Seijas Lara	Servizos de acompañamento e guiado prestados na viaxe da Terceira Idade ás termas de Ourense en maio
0259/E16	18/05/2016	75,32	Talleres San Fins S.L.	Reparación da rozadora avanzada realizada en maio
0287/E16	31/05/2016	92,49	Talleres San Fins S.L.	Cambio de aceite do tractor J. Deere realizado en maio
0288/E16	31/05/2016	361,36	Talleres San Fins S.L.	Reparación e ITV do tractor Lamborghini E9223BBB realizadas en maio
0289/E16	31/05/2016	222,20	Talleres San Fins S.L.	Cambio das rodas do vehículo da brigada de obras 8189JCG feito en maio
0290/E16	31/05/2016	43,02	Talleres San Fins S.L.	Limpeza de radiadores e cambio de aceite do tractor J. Deere E2564BDT realizados en maio
0291/E16	31/05/2016	427,53	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor J. Deere E7264BFN realizadas en maio
0292/E16	31/05/2016	628,11	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor J. Deere C89650VE realizadas en maio
0293/E16	31/05/2016	1.069,55	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras de arrastre, lateral e avanzada realizadas durante o mes de maio
F 30749	13/06/2016	6.604,28	Sport Equipalia, S.L.	Obras de mellora do proxecto de <i>rehabilitación da fachada do pavillón polideportivo municipal de Vedra (RA 209/2016)</i>
FV-16/2	15/05/2016	330,00	García Cabal Guadalupe J.	Elaboración de agasallos para os participantes na mostra <i>Teatrofilia 2016 (XIII edición)</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



93773151	06/06/2016	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina fotocopidora da planta baixa mes xuño
41	03/06/2016	331,49	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Taboleiros de aglomerado prensado para a colocación de carteis de propaganda electoral subministrados en xuño
16/00432	31/05/2016	253,00	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos de aluguer e transporte de colectores de residuos selectivos prestados no punto limpo no mes de maio
A1000399118 2-0616	01/06/2016	1.149,45	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos de telefonía prestados no período do 01-05-2016 ao 31-05-2016
2016/1507	31/05/2016	7.596,71	Sogama S. A.	Tratamento de residuos urbanos mes maio/2016
36 4331	10/06/2016	960,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 10/06/2016 na nave de Trobe
A/160941	27/05/2016	393,25	Senande, S.L. - Europrint	Camisetas subministradas para a proba deportiva <i>Día da Bicicleta 2016</i> celebrada en maio en Trobe
150000812	30/04/2016	91,74	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais diversos subministrados en abril para limpeza e mantemento de edificios municipais
150000863	31/05/2016	601,70	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Vestiario para o persoal de mantemento e materiais para mantemento da piscina e das vías públicas para limpeza e outros subministrados en maio
35002329	31/05/2016	183,57	Fornecemento s Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas no período 01/05/2016-31/05/2016 na máquina da planta baixa
2016-54	04/05/2016	181,30	Ibernisha, S.L.	Circuitos termais da excursión da Terceira Idade realizada o 04/05/2016 (sufragados coas achegas dos participantes)
76	15/06/2016	456,00	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Menús da excursión da Terceira Idade a Ourense do 04/05/2016 (sufragados coas achegas dos participantes)
601-KF16- 33248	01/06/2016	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Cotas mensuais dos servizos internet+sede asimétrica período do 01/05/2016 ao 31/05/2016
840925179	07/06/2016	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo fotocopias período 01/06/2016-30/06/2016 das máquinas de oficinas xerais,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				servizos sociais e biblioteca
1601030416	01/06/2016	484,00	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes xuño
P 603150	15/06/2016	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes maio)
P 603151	15/06/2016	41,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (regularización facturación mes abril)
A/83	18/06/2016	56,14	García Sarandón, S.L.U.	Produtos subministrados para a actividade <i>Teatrofilia 2016</i>
5626201668000505	15/06/2016	4.579,81	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa para arranxo de pistas municipais subministrada con datas 01/06/2016 e 13/06/2016
F-004/2016	30/05/2016	182,08	Carrillo Domínguez Severo	Subministro de alimentos para os servizos sociais municipais e de produtos para atencións protocolarias
CI0839451149	15/06/2016	123,76	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 15/05/2016 ao 14/06/2016
476	10/06/2016	1.958,49	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Reparacións diversas efectuadas no campo de fútbol de San Mamede durante os meses de abril, maio e xuño
2016-83	20/06/2016	151,90	Ibernisha, S.L.	Circuitos termais da excursión da Terceira Idade do 20/06/2016 (sufragados coas achegas dos participantes)
JUNIO - 2	20/06/2016	525,00	Restaurante Quinza, S.L.	Comidas da excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz do 20/06/2016 (sufragadas coas achegas dos participantes)
16/000087	30/05/2016	2.011,61	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados para o curso <i>Vedra Horta de Compostela</i> (actuación de promoción do emprego subvencionada pola Deputación)
2 2016001	22/06/2016	12,00	Comercial Agrícola Ames, S.L.	Produto subministrado para visita pola ruta dos muíños incluída no programa turístico <i>Proxecto Vedra</i>
TA5A60006516	19/06/2016	24,30	Telefónica de España, SAU-	Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais (cota



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			Movistar	de xuño e tráfico de maio)
TA5A500199 45	19/05/201 6	23,96	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais (cota de maio e tráfico de abril)
1 000023	05/04/201 6	152,46	Palets Aмоса, S.C.	“Palés” subministrados en abril para a celebración da mostra <i>Feiravedra 2016</i>
FT116779	16/06/201 6	692,16	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Revisión de fallo no equipo do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 16/06/2016
C90/2016	20/06/201 6	212,84	Fegamp	Cota anual do concello de Vedra de asociado á Fegamp correspondente ao exercicio 2016
719	31/05/201 6	660,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de dous autocares prestado o 30/05/2016 para a excursión de fin de curso dos alumnos do CEIP de Ortigueira
711	30/04/201 6	451,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 06/04/2016 para excursión da Terceira Idade ás termas de Ourense e Peares (sufragado coas achegas dos participantes)
718	31/05/201 6	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 04/05/2016 para excursión da Terceira Idade ás termas de Ourense (sufragado coas achegas dos participantes)
P 603290	20/06/201 6	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes xuño)
A 2016/A/12	27/06/201 6	1.597,20	Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais, S. Coop. Galega	Realización do proxecto "Vedra, unha historia visual" adxudicado por RA 233/2016 (facturación do 20% inicial)
FP116007995	15/06/201 6	171,29	Paz Dismac, S.L.	Diverso material de oficina subministrado en xuño
Recibo 6606090114	20/06/201 6	-69,23	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Devolución parcial da prima do seguro anual do vehículo furgoneta Nissan Vanette C6142BS por baixa definitiva (período reintegrado 06/05/2016-29/06/2016)
Liquidación		122,03	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización pola reunión mantida o día 16/06/2016 para a tramitación do expte. de contratación da obra do Concello <i>Acondicionamento de camiños en Trasariz, Ribeira e Vedra</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			(financiada polo FEADER)
Liquidación	437,59	Martínez Carrillo Carlos	Quilometraxe e gastos de autoestrada e aparcamento polas xestións da Alcaldía realizadas no período do 28/04/2016 ao 28/06/2016
Liquidación	307,00	Piñeiro Caldelas M ^a Jesús	Quilometraxe polas xestións da Concellaría de Infraestruturas, Obras e Servizos realizadas no período do 01/04/2016 ao 23/06/2016
Liquidación	73,50	Sanmartín Carrera Carlos J.	Indemnización e quilometraxe por asistencia a curso de nóminas o 03/05/2016 na Coruña e quilometraxe de marzo, abril, maio e xuño polas xestións de tesourería
Liquidación	251,25	De la Fuente Fernández Montserrat	Quilometraxe por diversas xestións municipais realizadas en xaneiro, abril, maio e xuño
Liquidación	51,70	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe do mes de abril e maio polo desenvolvemento do programa de educación familiar
Liquidación	93,50	Cerdeira Souto Gerardo	Quilometraxe polas xestións do CPI de Vedra realizadas durante os meses de xaneiro a xuño de 2016
Liquidación	141,50	Munín Castelao Jose Ignacio	Quilometraxe pola atención do CEIP de Ortigueira durante o mes de xuño de 2016 e por diversas xestións municipais realizadas no mesmo mes

A Xunta de Goberno, coas abstención da Presidencia nas facturas de Droguería - Ferretería El Sol, S.L., acorda aprobar as citadas facturas

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión do servizo de axuda no fogar.

4.1.- Instancia núm. 517/16 de dona A. T. N.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita o servizo de axuda no fogar polo sistema de acceso de libre concorrência para a realización das tarefas de carácter persoal e doméstico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

Primeiro.- Concederlle o servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrência en tanto non se poida acceder ao servizo a través do sistema de dependencia, durante 22 horas/mes, de luns a venres

Segundo.- Aprobar unha achega da interesada do 10% do prezo da hora, é dicir, 1,42 euros/hora.



4.2.- Instancia núm. 616/16 de dona P. R. R.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita o servizo de axuda no fogar polo sistema de acceso de libre concorrència para a realización das tarefas de carácter persoal e doméstico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

Primeiro.- Concederlle o servizo de axuda no fogar pola modalidade de libre concorrència en tanto non se poida acceder ao servizo a través do sistema de dependencia, durante 22 horas/mes, de luns a venres.

Segundo.- Aprobar unha achega da interesada do 30% do prezo da hora, é dicir, 4,28 euros/hora.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Escrito núm. 882/16 da Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que don Rogelio Lareo Mougán, como Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vedra, expón que a citada agrupación precisa de achegas económicas por parte doutras entidades e dado que nestes momentos se atopa sen liquidez despois do pagamento a voluntarios de axudas de custo e desprazamentos e precisa realizar novos pagos nos vindeiros días, solicita unha axuda de mil euros (#1.000,00#) para sufragar os gastos derivados da súa actividade.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5.2.- Escrito núm. 657/16 do Club Ciclista Teo.

Dáse conta do citado escrito no que expón que o 24 de xullo levarase a cabo a proba ciclista XVII Trofeo Vila de Luou para a categoría de escolas e cadetes encadrada no calendario oficial da Federación Galega de Ciclismo, celebrándose a proba de cadetes en estrada con saída e chegada en Luou pasando o seu percorrido por termos de Teo, Vedra e Boqueixón, e dado o seu custe económico, solicita a concesión dunha axuda.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de trescentos (#300,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta minutos.